



Á esquerda, Lois Pérez e Maite Ferreiro na ofrenda de Lugo; á dereita, Alberto Núñez Feijóo planta unha figueiriña e Román Rodríguez fala sobre a autora, ambos en Santiago. XESÚS PONTE/EFE

Galicia homenaxe «ás moitas Rosalías»

► Lugo acolleu unha ofrenda floral diante do busto da escritora. Núñez Feijóo participou na plantación dunha figueiriña en Santiago

REDACCIÓN/EFE

LUGO/SANTIAGO. Representantes de distintas institucións públicas participaron onte en actos conmemorativos organizados co gallo do Día de Rosalía en toda Galicia. A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, participou en Lugo nunha ofrenda floral organizada pola Asociación Galega de

Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), representada polo colaborador de El Progreso Lois Pérez. Leuse o manifesto da AELG, asinado pola escritora Anna R. Figueiredo. Lembrouse que a autora pasou uns anos na cidade.

O acto institucional da Xunta consistiu na plantación dunha puga da figueira centenaria da

casa museo da poeta no xardín do Parlamento. Participaron o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo; o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices; o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez.

«Galicia é rosaliana porque Ro-

salía nos deu a coñecer a nosa terra, a importancia da nosa xente e a relevancia de ter unha cultura e un idioma propios», declarou Feijóo no discurso, no que lembrou que a escritora entendeu «que a nosa linguaxe non nos encerra nin limita, senón que nos proxecta».

Anxo Angueira asegurou que dado os tempos difíciles que vivimos «é necesario máis que nunca celebrar a Rosalía na rúa, na escola, no traballo e na casa e tamén nas institucións» e Rosario Álva-

rez, manifestou que «todos nos atopamos e recoñecemos en algunhas desas moitas rosalias».

Miguel Santalices, asegurou que aínda que non é «frecuente» que se planten árbores no Parlamento, este acto representa un acto «singular» porque con el dase testemuño do «inquebrantable compromiso rosaliano do Parlamento de Galicia».

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, participou nunha ofrenda floral en Santiago.